

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE POIO, E A "UTE XG-626", PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU)

1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o concello asinante iníciase a proposta do concello coa finalidade de reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada para satisfacer as necesidades da poboación do dito concello. A actual concesionaria do servizo dispón tamén da facultade de promover a implantación de incrementos de servizo, que deberán ser autorizados pola Administración, para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato, como é o caso do servizo de interese municipal (SIMU) obxecto do presente contrato.

2. Obxecto

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as tres partes para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) coas características recollidas no anexo I do convenio e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por obxecto atender con maior eficacia o tránsito de viaxeiros dentro do concello por transporte regular en autobús, logo do acordo adoptado entre o concesionario e o concello, con base no cal o concesionario reforzará a oferta de servizos. A Xunta de Galicia autorizará o propio convenio e a implantación dos servizos, de conformidade co establecido nos pregos, e regulará o sistema de pagamentos e a integración tarifaria.

4. Aspectos económicos





A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da aplicación deste convenio. Débese ter en conta que o Concello asumirá os custos derivados co contratista afectado.

En canto á integración tarifaria, ao servizo obxecto do presente contrato resultaralle de aplicación o sistema de tarifas, bonos e bonificacións establecidos para o correspondente contrato de concesión e, neste sentido, intégrase no sistema de bonificación que, en cada momento, teña activo a Xunta de Galicia.

O concello promotor comprométese a efectuar a transferencia das achegas correspondentes á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dentro do primeiro mes de posta en marcha do servizo e, en sucesivos exercicios, no mes seguinte a aquel no que a dirección xeral con competencias en materia de transporte lle remita a comunicación co importe a ingresar. No caso de acordo de prórroga do servizo, o concello ingresará no mes seguinte a aquel no que a dita prórroga se acordase o importe estimado para o resto da anualidade que naquel momento estea en vigor, e o correspondente á/s anualidade/s seguinte/s no mesmo prazo indicado no apartado anterior.

En canto á colaboración da Xunta de Galicia na xestión, estaría dirixida a procesar a información de recadación, calcular o déficit de explotación e pagar este á concesionaria a cargo dos ingresos que realizará o concello; así será a Xunta de Galicia a pagadora de todos os servizos.

Esta operativa é similar ás liñas SIMU xa existentes nos Concellos de Cambre, Culleredo, Teo, Ames, Nigrán e Arteixo.

A xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró (*documento asinado dixitalmente*)

